
C.- CONSIDERACIONES

1.- PANORAMA XERAL

A área funcional de Lalín está composta por 9 concellos agrupados en dúas comarcas (Deza e Tabeirós-Terra de Montes). Esta área funcional ten unha extensión de 1.556 km² (dato IGE) e conta cunha poboación, a un de xaneiro de 2004, de 74.934 habitantes, o que supón que no conxunto da área funcional habita o 8% da poboación total da provincia de Pontevedra e o 2,7% do conxunto da poboación galega, sendo a quinta área funcional menos poboada das doce áreas funcionais galegas. A relación entre extensión e poboación determina que a densidade de poboación da área funcional obxecto de estudo se sitúe en 48,2 habitantes por km², por debaixo da densidade do conxunto da provincia de Pontevedra (207 h/ km²) e por debaixo tamén da densidade media galega que é para o ano

2004 do 93,1 h/ km². O CES entende necesario destacar que o peso poboacional das dúas comarcas que compoñen a área funcional analizada non é homoxéneo e que o 57,3% da poboación total da área funcional no ano 2004 concéntrase en dous dos nove concellos que constitúen a área funcional: A Estrada e Lalín.

A área funcional de Lalín artículase precisamente en torno a eses dous centros de relacións funcionais intermunicipais: Lalín, para os concellos da comarca do Deza, e A Estrada, para os concellos da comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

No que respecta ás infraestruturas viarias e ferroviarias, as principais estradas da área funcional son a autopista A-53 Santiago-Ourense, a N-525, a N-640 e a N-541, e a liña de alta capacidade que une os concellos de Lalín e Monforte de

Lemos, existindo unha única liña ferroviaria que une Santiago e Ourense con parada no concello de Lalín.

Co obxecto de analizar a realidade socioeconómica da área funcional de Lalín, téñense en conta unha serie de indicadores económicos e variables con incidencia na actividade económica, que, dun xeito conxunto, serven para configurar e analizar o entorno socioeconómico da área funcional.

Dentro dos *indicadores económicos* destaca, en primeiro lugar, a **cota de mercado**, índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa dos concellos, expresando a participación de cada un deles sobre o conxunto estatal en tanto por 100.000. A área funcional de Lalín presenta unha cota de mercado no ano 2004 de 168, o que representa o 2,7% da cota de mercado do conxunto de Galicia. Se se compara a área funcional de Lalín con outra área funcional galega de similar poboación, como é o caso da área funcional da Mariña lucense (74.929 habitantes e unha cota de mercado de 180, no ano 2004, o que representa o 2,8% da cota de mercado total de Galicia), obsérvase que con igual porcentaxe de poboación sobre o conxunto de Galicia, a cota de mercado da área funcional de Lalín está 0,1 puntos porcentuais por debaixo, o que denota unha menor capacidade de consumo nesta área funcional.

O **índice industrial** recolle o peso relativo en tanto por 100.000 da industria da área funcional sobre o conxunto estatal, acadando un valor para a área funcional de Lalín de 156 puntos. Finalmente,

dentro dos indicadores económicos, destacamos o **índice de actividade económica**, que expresa a participación en tanto por 100.000, equivalente á recadación do imposto de actividades económicas empresariais e profesionais, da actividade económica da área funcional sobre o conxunto estatal. Este índice acada un valor na área funcional de Lalín de 123 puntos; obsérvase a correlación que existe entre a capacidade de compra (cota de mercado) e os impostos correspondentes ás actividades económicas empresariais e profesionais (índice de actividade económica). Procede salientar o peso do concello de Lalín no conxunto da área funcional, tanto no que respecta ao índice de actividade económica, como no referido ao antes sinalado índice industrial.

Outros indicadores a ter en conta á hora de analizar a realidade socioeconómica da área funcional de Lalín son unha serie de variables con incidencia económica que, expresadas en termos de magnitudes absolutas, proporcionan unha idea cualitativa da área funcional, indicadores que están referidos ao ano 2003. Dentro destas variables destacan, en primeiro lugar, o **número de liñas telefónicas** instaladas, como indicador do grao de desenvolvemento económico, neste senso a área funcional de Lalín acolle o 2,5% dos teléfonos existentes na comunidade autónoma, cando a súa poboación no ano 2003 representaba o 2,7% do total.

Outro indicador a ter en conta é o denominado **nivel económico**, partindo da existencia de 10 niveles económicos a nivel municipal en función da renda familiar dispoñible. Na área funcional anali-

zada o máximo nivel económico acadado é o 4 tan só no concello de Lalín, así como destacar que, en catro dos nove concellos que compoñen a área funcional de Lalín, a variación da renda familiar dispoñible no período 1998-2003, oscilou entre o 26 e o 34%.

En relación á *realidade socioeconómica* da área funcional de Lalín, destacar que o nivel económico dos concellos que a integran non acadan a media provincial e galega que se sitúa en 4 en ámbolos dous casos, a excepción do concello de Lalín. En relación á variación da renda familiar dispoñible, a media no período 1998-2003 na provincia de Pontevedra e no conxunto de Galicia está, nos dous casos, entre o 26 e o 34%, nivel que acadan os concellos de Lalín, A Estrada, Silleda e Vila de Cruces, estando os cinco concellos restantes da área funcional con porcentaxes de variación menores á media provincial e galega.

2.- EMPREGOSGF S SGSGSG

Segundo as cifras oficiais de poboación publicadas polo IGE, a **poboación** da área funcional de Lalín a un de xaneiro de 2004 ascendía a 74.934 habitantes, os que conforman unha pirámide poboacional cun centro de gravidade alto, onde os residentes de máis de 80 anos son un 13,4% máis que os residentes menores de 9 anos. No período 1998- 2004 a poboación da área funcional diminuíu en 3.173 individuos, o que supón unha taxa de re-

ducción do 4,06%. A poboación redúcese en tódolos concellos da área funcional, agás no concello de Lalín, onde no período analizado a poboación se incrementa nun 3,03%, taxa de incremento superior a media provincial (2,72%) e á media galega (0,97%) no citado período. En canto á variación que se produce no total de poboación debido a factores naturais, é dicir, o saldo vexetativo, este é negativo nas dúas comarcas que compoñen a área funcional, concentrándose nesta área funcional o 2,2% dos nacementos galegos no ano 2002 e o 3,1% das defuncións. Sen embargo, a redución do saldo migratorio negativo nas dúas comarcas que compoñen a área funcional mitiga a perda de poboación na zona.

No que respecta aos movementos migratorios, o saldo migratorio da área funcional (resultado de restar á inmigración interior e exterior a emigración interior) é positivo para o conxunto da área funcional e para a comarca do Deza (saldo positivo de 118 individuos), mentres que a comarca de Tabeirós-Terra de Montes presenta un saldo negativo de 45 individuos.

Polo que atinxe ao **mercado de traballo** da área funcional de Lalín, atendendo aos datos proporcionados polo Censo de Poboación e Vivendas de 2001, das 66.101 persoas maiores de 16 anos residentes en vivendas familiares na área funcional, a poboación activa ascende a 32.614, das que 29.668 están ocupadas e 2.946 son persoas desempregadas; neste senso, as taxas de actividade, ocupación e paro da área funcional acadan valores de 49,3, 44,9 e 9 % respectivamente, sendo a

taxa de paro da área funcional 3,5 puntos porcentuais inferior á taxa de paro para o conxunto de Galicia no ano 2001. O CES considera que a elevada porcentaxe de poboación inactiva existente na área funcional determina a existencia dunha taxa de actividade inferior á media galega e provincial, polo que o mercado laboral da área funcional pode catalogarse como pouco desenvolvido, cun forte nivel de dependencia e unha acusada inactividade.

No eido da **poboación ocupada**, destaca que dos 29.668 ocupados existentes na área funcional, o 59,1% son homes. Por sectores, o 43,3% da poboación ocupada traballa no sector servizos, o 22,4%, no sector agrícola; o 17,9%, no sector industrial; o 15,9%, no sector da construción; e, finalmente, o 0,3%, no sector pesqueiro. Comparado co total galego cómpre salientar a elevada importancia relativa dos sectores agrícola e da construción e o menor peso relativo do sector industrial. Neste senso, o CES entende importante destacar que a forte influencia e importancia do sector agrícola na área funcional de Lalín implica que as conclusións da análise do mercado de traballo na área analizada, en relación ao estudio das taxas de actividade, ocupación e desemprego, en comparación con Galicia, deben relativizarse, xa que o peso do sector agrícola implica maiores niveis de actividade e ocupación e menores valores de desemprego.

Atendendo á distribución da poboación ocupada en función da súa situación profesional, o número total de empresarios con e sen asalariados, acadou no ano 2001 as 10.856 persoas, sendo o seu peso

relativo no total galego do 4,8%. O 78% dos empresarios da área funcional non empregan persoal, porcentaxe superior á media galega que se sitúa no 68,8%. O baixo nivel de asalarización (o 62,5% da poboación ocupada de Lalín son asalariados dos que o 59,7% teñen contrato fixo, fronte ao 76,5% de Galicia), 14 puntos porcentuais inferior á media galega no 2001, podería estar relacionado co maior peso do subsector agrario (un 22,4% de emprego na área fronte ao 7,5% en Galicia), onde proliferan as situacións de emprego non asalariado.

No que concirne á **poboación parada**, esta ascendeu a 2.946 persoas, das que 2.287 xa traballaran antes e 659 están á procura do seu primeiro emprego. O 52,8% do total de persoas desempregadas da área funcional obxecto de estudio son mulleres. O desemprego na área funcional de Lalín representa o 5,5% do total da provincia de Pontevedra e o 2% do existente no conxunto de Galicia.

Finalmente, no que respecta á **poboación inactiva**, esta ascendeu no ano 2001 a 33.487 persoas, das que o 52,4% son persoas xubiladas.

Os datos de **paro rexistrado** polo Servizo Público de Emprego na área funcional reflicten que, a 31 de decembro de 2004, na área funcional de Lalín o paro rexistrado ascendía a 2.555 persoas, un 0,6% superior ao rexistrado no ano 2003. En termos relativos a área funcional acolle ao 4,6% do paro rexistrado na provincia de Pontevedra no ano 2004. Cómpre salientar a importancia relativa do desemprego rexistrado na actividade de construción.

ción, que representa o 7,4% e o 2,2% do paro rexistrado nestas actividades no conxunto da provincia de Pontevedra e en Galicia, respectivamente.

3.- SECTORES PRODUCTIVOS

O *Directorio de Empresas de Galicia* (Dirce) para o ano 2003 mostra a existencia na área funcional de Lalín dun total de 1.607 empresas, (o 6,9% do total da provincia de Pontevedra), das que o 63,8% están localizadas na comarca do Deza e o 36,2% restante, na comarca de Tabeirós-Terra de Montes. Do total de empresas contabilizadas na área funcional, o 26,6% son empresas enmarcadas dentro da actividade de "Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas, artigos persoais e de uso doméstico", ocupando o segundo lugar en importancia en canto ao seu número, as empresas incluídas dentro da actividade de construción (o 22,9% do total). Atendendo á distribución das empresas na área funcional segundo a súa condición xurídica, na área obxecto de estudo o 70,1% son "sociedades de responsabilidade limitada" (1.127 empresas), un 3,3% son "sociedades anónimas" (53 empresas), un 3,5% son "sociedades cooperativas" (57 empresas) e o 23% restante (370 empresas) inclúese dentro do apartado de "outros".

Comparando os datos facilitados polo Dirce para a área funcional de Lalín cos datos Ardán, a mostra de Ardán acolle o 32,4% das empresas da área analizada (521 empresas seleccionadas por Ardán).

É importante ter en conta que a información recollida polo servizo de información Ardán no informe sobre as actividades empresariais nesta área funcional de Lalín ten unha limitación de alcance ao referirse exclusivamente a empresas cun volume de facturación anual superior a 240.404,84 euros e das que están dispoñibles datos polo menos de dous anos consecutivos, con domicilio social dentro da área funcional. Dentro da clasificación das empresas elaborada por Ardán, destaca pola súa importancia en canto a número de empresas o subsector de bens de equipamento (66 empresas), subsector agro-gandeiro (53 empresas), e o complexo silvicultura-madeira (50 empresas); mentres que a nivel sectorial, destaca o sector da construción con aproximadamente o 35% das empresas, seguido do sector industrial co 28,2%, e do sector primario co 20,7% das empresas totais consideradas por Ardán na área funcional; finalmente, o sector servizos acolle o 15,7% das empresas da área funcional.

Para o conxunto da área funcional os datos proporcionados polo Dirce reflicten que a principal actividade na área funcional de Lalín en canto a número de empresas é a de "Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas, artigos persoais e de uso doméstico", mentres que os datos proporcionados por Ardán presentan ao subsector de bens de equipamento e agro-gandeiro como os máis importantes dentro da área funcional en canto a número de empresas.

O conxunto da mostra de 521 empresas analizada por Ardán tivo un volume de negocio no ano 2003 de 808,3 millóns

de euros, acadando un valor engadido bruto próximo aos 183 millóns de euros, do que o 42,7% pertence ás empresas do sector da construción e obras públicas.

A relativización dos datos anteriormente sinalados en función do número de empresas mostra que, no tocante ao volume de negocio, existen dous sectores que se sitúan por encima da media da área considerada (que está en torno aos 1,5 millóns de euros): o sector industrial, con 2 millóns de euros de volume de negocio por empresa, e o sector primario, con 1,8 millóns de euros por empresa. En relación ao valor engadido bruto a clasificación do sectores cambia, destacando o sector da construción e obras públicas, que acada un valor engadido bruto por empresa de 0,42 millóns de euros, sendo a media da área funcional de 0,35 millóns de euros de VEB por empresa.

A modo de resume, para o conxunto da área funcional, son os sectores construción e obras públicas e industrial os que, tanto en termos relativos como absolutos, teñen unha certa hexemonía dentro do panorama empresarial de Lalín. Sen embargo, a importancia do sector primario, en xeral, e agro-gandeiro, en particular, é moi significativa.

Dentro do **sector primario e industrias relacionadas**, englobanse as actividades relativas aos sectores agro-gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira.

No que respecta á actividade agrícola, o 21,6% da superficie da área funcional corresponde a terras de cultivo, sendo o principal grupo de produtos os

cultivos forraxeiros abarcando os citados cultivos 23.850 hectáreas, o 93,4% do total da provincia de Pontevedra, das que o 87% pertencen á comarca do Deza; en relación á actividade gandeira, no ano 2003 o número de explotacións de vacas na área analizada ascendeu a 5.391, cunha media de 16,7 reses por explotación (8 e 16,3 reses por explotación no conxunto da provincia de Pontevedra e Galicia respectivamente).

En relación ao subsector forestal, a utilización máis común da superficie na área funcional, así como nas dúas comarcas que a compoñen, é a de superficie forestal con 89.879 hectáreas, o que supón o 57,8% da superficie total da área funcional. A superficie forestal total da área funcional representa o 33,8% da superficie forestal da provincia de Pontevedra e o 5,1% da superficie forestal de Galicia.

Segundo os datos proporcionados por Ardán, o conxunto do sector primario na área funcional de Lalín, está integrado por 108 empresas que xeraron un VEB de 36,5 millóns de euros no ano 2003, ascendendo os seus ingresos de explotación a 194,8 millóns de euros, un 6,8% máis que no ano anterior, sendo os principais núcleos de localización das empresas do sector en canto ao volume de VEB xerado, os concellos de A Estrada, Lalín e Silleda.

No que respecta ao **sector industrial**, e segundo os datos proporcionados por Ardán, dentro deste sector están incluídas 147 empresas, que xeraron no ano 2003 un valor engadido bruto de 53,7 millóns de euros, un 10,1% máis que no ano

2002, o que supón o 28,2% das empresas da área funcional e o 29,3% do VEB xerado na zona. En canto aos principais núcleos de localización das empresas do sector industrial no ano 2003, estes son os concellos de Lalín, con 31,4 millóns de euros de VEB, e A Estrada, con 10 millóns de euros de VEB.

Tomando como referencia o *Directorio de empresas 2003* de Ardán, as actividades máis significativas dentro do sector "Fabricantes" nas dúas comarcas que compoñen a área funcional son as seguintes: na comarca do Deza a actividade da primeira empresa da comarca en canto a volume de facturación é a de "Fabricación de vidro oco"; sen embargo, a actividade máis importante da comarca en canto a número de empresas é a de "Fabricación de carpintería metálica". A actividade máis importante en canto a volume de facturación, dentro do sector de fabricantes na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, é a de "Fabricación de mobles", mentres que a actividade máis importante na comarca, en canto a número de empresas consideradas dentro deste sector no *Directorio de empresas*, é a de "Fabricación doutros mobles".

O sector da **construción** está composto na área funcional por 184 empresas que xeraron no ano 2003 un VEB de 78,3 millóns de euros, o 42,7% do VEB total xerado na área funcional de Lalín no ano 2003. Os principais núcleos de localización das empresas constructoras na área funcional son os concellos de Lalín e o de A Estrada.

Finalmente a análise do **sector servi-**

zos da área funcional de Lalín está dividida en tres bloques, o estudio das actividades comerciais, do subsector turístico e das actividades de transporte, servizos empresariais e servizos relacionados coa saúde.

No eido do comercio, e segundo datos do IGE, no conxunto da área funcional existen no ano 2002 un total de 986 establecementos de comercio polo miúdo, o que significa unha media de 12,9 establecementos por cada mil habitantes, fronte á densidade comercial media de Galicia que é de 14,5.

No que respecta ás actividades do subsector turístico, Ardán recolle a existencia dentro da área funcional de 22 empresas, que acadaron no ano 2003 uns ingresos de explotación de 6,63 millóns de euros e un valor engadido de 1,73 millóns de euros.

4.- PANORAMA SOCIAL SGSGF

Os datos proporcionados polo *Censo de poboación e vivendas 2001* do IGE, mostran que o 60,2% do total de vivendas existentes na área funcional de Lalín pertencen á comarca do Deza, sendo o réxime de tenza máis estendido en tódolos concellos da área funcional o de propiedade. A porcentaxe de vivendas en alugueiro nos concellos da área funcional oscilan entre o 7,9% do total de vivendas do concello de Lalín ao 0,7% do concello de Dozón.

No que respecta ao número de mem-

bros nos fogares dos concellos da área funcional, salientar que o tamaño medio dos fogares das comarcas do Deza e de Tabeirós-Terra de Montés é de 3,2 e 3,1 membros respectivamente, sendo o tamaño medio dos fogares na provincia de Pontevedra de 3,1 membros e no conxunto de Galicia de 3 membros.

En relación aos **niveis educativos**, a mesma fonte estatística reflicte que das 66.101 persoas de máis de 16 anos residentes en vivendas familiares da área funcional de Lalín, o 34,5% non completaron o bacharelato elemental, ESO ou EXB, un 16,8% teñen menos de cinco anos de escolarización e un 1,4% non saben ler ou escribir, 953 individuos, dos que o 70% son mulleres. Neste senso, salientar que as taxas de analfabetismo nas dúas comarcas que compoñen a área funcional de Lalín son inferiores ás existentes a nivel provincial e galego. Así a taxa de analfabetismo na comarca do Deza era no ano 2001 do 1,6 (0,9 no caso dos homes e 2,1 no caso das mulleres), sendo esta taxa na comarca de Tabeirós-Terra de Montes do 1,3 (0,9 para os homes e 1,6 para as mulleres), fronte ás taxas provincial e Galega que no ano 2001, situábanse no 1,8 e 2,1 respectivamente. O CES entende que as menores taxas de analfabetismo existentes na área funcional respecto da media galega son unha fortaleza para o seu desenvolvemento.

No concernente á formación profesional, un total de 3.303 persoas (o 5% do total) tiñan estudos de formación profesional, dos que o 64,9% tiñan un nivel de estudos de FP II, FP grao superior.

No que respecta á poboación con es-

tudios universitarios, esta ascendía a 4.442 persoas, o que supón o 6,7% da poboación de máis de 16 anos residente en vivendas familiares da área funcional, sendo mulleres o 58,8% da citada poboación universitaria da área funcional.

No que respecta á Formación Profesional regrada, no curso 2004-2005 impartíronse na área funcional un total de 5 ciclos superiores e 11 ciclos medios; por outra banda, no eido da Formación Profesional ocupacional, o longo do ano 2003 impartíronse 75 cursos aos que asistiron un total de 1.198 alumnos, cursos que contaban cun orzamento previsto de aproximadamente 2 millóns de euros.

O CES entende importante destacar que os datos proporcionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria parecen constatar que as especialidades impartidas na formación profesional non se corresponden coa especialización productiva da área funcional. Neste senso, o CES considera que se debería ampliar a oferta formativa cara a ciclos en materias téxtil, alimentación ou construción, que son as actividades que na área funcional teñen unha maior especialización productiva.

Dentro do panorama social da área funcional outro aspecto importante a ter en conta é o que se refire ao **ámbito sanitario**. Neste senso, o 90,7% da poboación da área funcional de Lalín está hospitalariamente protexida polo C.H.Universitario de Santiago (tódolos concellos agás Cerdedo e Forcarei, que pertencen ao C.H. de Pontevedra). O C.H Universitario de Santiago conta con 1.180 camas e 26

quirófanos instalados e ao longo do ano 2004 realizáronse un total de 577.928 consultas, atendéndose 160.846 urxencias. No que respecta á lista de espera no citado hospital, ao longo do ano 2004 había un total de 4.619 pacientes na lista de espera cirúrxica, cunha espera media de 63,2 días, dos que o 76,8% esperaron menos de 3 meses para ser atendidos; ás consultas externas tiñan unha lista de espera no citado ano de 32,4 días.

No que respecta aos **servizos sociais** no ámbito xeográfico de Lalín, ao longo do ano 2004 o número de beneficiarios da renda de integración social ascendeu a 46 persoas e o número de beneficiarios das axudas de emerxencia social ascendeu a 17 persoas. O 52,9% dos beneficiarios das axudas de emerxencia social estaban empadroados no concello de A Estrada.

Finalmente, no eido das persoas maiores, destacar que a poboación maior de 65 anos residente na área funcional ascendeu no ano 2002 a 20.003 persoas, o que supón o 26,2% do total de poboación da área funcional. Neste senso destacar que os valores na área funcional dos índices de vellez (26,7%), senectude (13,7%), envellecemento (251,8%) e dependencia de maiores (41,3%) son superiores ós rexistrados no conxunto da provincia de Pontevedra e da comunidade autónoma.

O CES entende necesario destacar o envellecemento da poboación da área funcional de Lalín respecto da media galega, xa que a poboación total da área funcional representa o 2,7% da poboación galega, o 3,4% da poboación galega de

máis de 65 anos e o 4% da poboación galega total de máis de 85 anos.

Tendo en conta que o Plan Xerontolóxico nacional e, en concreto, que o *Plan galego de persoas maiores 2001-2006*, ten como un dos seus obxectivos o incremento da rede asistencial para a atención a maiores dependentes, ata acadar unha cobertura pública do 40%, para o que se debe contar con 1,4 prazas públicas por cada 100 persoas maiores, e, no conxunto da área funcional o rateo prazas públicas /maiores acada o 0,49%, o CES entende que é necesario ampliar o número de prazas asistenciais ofertadas ata acadar o rateo marcado no *Plan galego de persoas maiores* e así palia-la insuficiente dotación de servizos de atención a persoas maiores dependentes na área funcional de Lalín.

5.- DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

As principais **infraestruturas viarias** da área funcional son a autoestrada A-53 Santiago de Compostela-Ourense, a N-525 (Santiago-Ourense), a N-640 (Vilagarcía de Arousa-Asturias) e a N-541 (Pontevedra-Ourense); así mesmo é importante destacar a existencia da vía de alta capacidade que une o concello de Lalín con Monforte de Lemos.

Dentro das actuacións propostas polo *Plan director de infraestruturas de Galicia 2001-2010* na área funcional analizada, destacan, en primeiro lugar, dentro das actuacións propostas sobre a rede de

estradas estatal, a construción da autoestrada Santiago-Ourense, no treito entre Santiago e o Alto de Santo Domingo, no concello de Dozón, de 56,6 km. de lonxitude e con 296,6 millóns de euros de investimento total.

No que respecta ás actuacións sobre a rede viaria autonómica, destaca a conexión da N-640 ca estrada C-533 e a autoestrada Santiago-Ourense, de 7 km. de lonxitude e 13,3 millóns de euros de investimento; a segunda das actuacións sobre a rede viaria autonómica é o corredor Lalín-Monforte de Lemos no treito de circunvalación de Monforte con 9,3 km. de lonxitude e 9,3 millóns de euros de investimento total.

No eido das **infraestruturas ferroviarias**, o *Plan Decenal de Infraestruturas Ferroviarias de Galicia 1998-2007* recolle no marco xeográfico de Lalín, actuacións complementarias na liña Santiago-Ourense encamiñadas á modernización da vía e incremento da súa capacidade, electrificación e as instalacións de seguridade e sinalización.

O *Plan Director de Infraestruturas de Galicia 2001-2010*, dentro do programa de actuacións sobre a rede ferroviaria convencional establece unha actuación sobre a liña Ourense-Santiago limitada a traballo de sinalización que conta cun investimento de 6,92 millóns de euros; no que respecta ao programa de alta capacidade non establece actuacións no marco xeográfico da área funcional de Lalín, sen embargo, no convenio de 20 de decembro de 2000 no que se comprometían 962 millóns de euros na mellora in-

tegral da rede convencional do Eixo Atlántico en alta velocidade, contempla a liña de alta velocidade Ourense-Santiago cuxo estudio está rematado e pendente da declaración de impacto ambiental; así mesmo, o *Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT)*, presentado polo Ministerio de Fomento en 2004, prevé que o trazado da nova liña de AVE de entrada en Galicia (Ourense-Santiago) sexa paralelo á liña existente actualmente. O CES entende que esta nova infraestrutura terá unha repercusión favorable dende o punto de vista económico na área funcional de Lalín, tanto durante a súa construción como trala súa posta en funcionamento.

Dentro das **infraestruturas hidráulicas**, tendo en conta o obxectivo marcado na Directiva Europea 91/271 de 21 de maio de 1991, existen actuacións na conca do río Ulla, nos concellos de A Estrada, Lalín, Silleda e Vila de Cruces. As actuacións de saneamento dos concellos de A Estrada, Lalín e Vila de Cruces están rematadas e cumprindo a Directiva 91/271, mentres que a actuación do concello de Silleda está en execución.

Finalmente, destacar que na área funcional de Lalín en 2005 existen dous **parques empresariais** operativos promovidos polo IGVS e xestionados por Xestur-Pontevedra emprazados nos concellos de Lalín e Silleda.

Existen tamén unha serie de actuacións no eido dos parques empresariais a executar por Xestur, como son a ampliación do parque empresarial de Lalín, cun investimento de 5,1 millóns de euros e

unha superficie de 197 mil m², a ampliación do parque empresarial de Silleda cun investimento de 1,2 millóns de euros e unha superficie de 48,9 mil m² e a construción do parque empresarial de Rodeiro cun investimento de 2,9 millóns de euros e unha superficie de 187 mil m². ■